

## Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate oral en Pleno**.

A taxa de risco de pobreza medrou nun ano en Galicia 4 puntos e situouse no 19,4% en 2015, segundo recolle a enquisa de condicións de vida que publica este martes o Instituto Nacional de Estatística (INE), realizada na primavera do pasado ano e que ofrece información sobre os ingresos medios dos fogares.

En concreto, o ingreso medio anual neto por persoa na comunidade galega alcanzou ese ano (2014) os 10.235 euros, o que supón unha diminución do 0,22% en relación co ano anterior e representa unha cantidade dun 1,98% inferior á do total estatal (10.419 euros).

O que significa que máis de 500.000 persoas están en risco de pobreza no noso país a consecuencia das políticas que empobrecen á maioría e privilexia a unha minoría e a consecuencia dos recortes para políticas de creación de emprego, para desenvolvemento dos sectores produtivos ou para servizos sociais.

A pesar de que, segundo o discurso oficial, se crea emprego a pobreza sube, e iso é consecuencia da precariedade e temporalidade dos traballos creados, coa xeralización do traballador pobre.

As decisións do Partido Popular en Madrid e en Galicia son responsables desta situación.

Ante todo isto, o Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta oral en Pleno:

Cál é a valoración, que fai o Goberno galego, dos datos publicados polo INE en relación ás condicións de vida das persoas en Galicia?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 24/05/2016 16:58:46**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 24/05/2016 16:59:01**

**Ramón Vázquez Díaz na data 24/05/2016 16:59:06**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 24/05/2016 16:59:11**

**Eva Solla Fernández na data 24/05/2016 16:59:15**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 24/05/2016 16:59:19**